

INSTRUCCIÓN 5/2025	DATA: SINATURA ELECTRÓNICA
ASUNTO: Regular o procedemento de incorporación das participantes dos programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia (Ano 2025).	
ÓRGANO EMISOR: -Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero (Consellería de Política Social e Igualdade) -Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración)	
ENTIDADES DESTINATARIAS: - Oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia (Emprego Galicia). - Subdirección Xeral do Servizo Público de Emprego de Galicia. -Servizos de Formación e cualificación para o Emprego dos Departamentos Territoriais: persoas coordinadoras de violencia de xénero. - Entidades beneficiarias das subvencións para o desenvolvemento de programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. - Centros de Información ás Mulleres, centros da Rede Galega de Acollemento, Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero e outros servizos públicos que traballen no eido da violencia de xénero. - Unidades Administrativas de Igualdade dos Departamentos Territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. - Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero (Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero).	

INSTRUCCIÓN

Por Orde do 25 de febreiro de 2025 establecéronse as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia e procedese á súa convocatoria para o ano 2025 no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (DOG nº 47, de 10 de marzo de 2025).

O artigo 6 da dita Orde do 25 de febreiro de 2025, establece que o procedemento de selección das participantes neste Programa de inserción sociolaboral regularase mediante unha instrución:

"1. Para os efectos de facilitar a selección de candidatas, a Consellería de Política Social e Igualdade e o Servizo Público de Emprego de Galicia elaborarán unha instrución conxunta que se



fará pública na páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade.

2. Igualmente, as entidades beneficiarias das axudas, así como os centros de Información á Muller, os centros da Rede Galega de Acollemento e o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero, e calquera outro servizo público que traballe no eido da violencia de xénero, poderán propoñer participantes para a súa incorporación ao programa, sempre e cando estas reúnan os requisitos recollidos no artigo 5.

3. As mulleres finalmente seleccionadas serán identificadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia e non poderán participar noutras medidas activas de emprego que se consideren incompatibles coa participación en programas de inserción laboral como os subvencionados a través desta orde.”

Polo tanto, dítase a presente instrución aos efectos de regular o procedemento de selección.

1.- PARTICIPANTES NOS PROGRAMAS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL

O artigo 5 da Orde do 25 de febreiro de 2025 establece o seguinte:

“As persoas destinatarias finais dos programas regulados nesta orde serán as mulleres vítimas de violencia de xénero, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego.

Para os efectos desta orde, entenderase por mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia todas aquelas que tiveran cesado a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, concretamente:

a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

c) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.

d) Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local de Galicia no que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

e) Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local de Galicia en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.



Terán preferencia, de ser o caso, para a incorporación ao programa, as mulleres con orde de protección e/ou medidas cautelares vixentes no momento de incorporación ao programa.

Para estes efectos, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá realizar as comprobacións oportunas a través do Punto de Coordinación das Ordes de Protección e do Sistema de Rexistros Administrativos de Apoio á Administración de Xustiza."

En consecuencia, cómpre ter en conta o seguinte:

1. As mulleres beneficiarias deberán estar inscritas como demandantes de emprego, independentemente da súa situación laboral.
2. O colectivo de "mulleres vítimas de violencia de xénero" atópase identificado no aplicativo SICAS pola condición especial de persoa física cun código 01 "Vítima de violencia de xénero". No entanto, pode ser, como especifica o punto 3.C. desta instrución que unha muller non teña ou non queira ter anotado este colectivo na súa demanda de emprego. Neste suposto, admitirase a vinculación nominal sempre e cando a beneficiaria acredite o cumprimento dos requisitos especificados no dito artigo 5.
3. Para a dita acreditación da condición de vítima, recórdase o **modelo único para todo o territorio estatal de acreditación da condición de vítima de violencia de xénero**, para os efectos dos dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social regulados no Capítulo II do Título II da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral fronte a violencia de xénero, e de conformidade co artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, que se achega como Anexo I.

2.- ENTIDADES QUE VAN DESENVOLVER OS PROGRAMAS

Segundo dispón o artigo 4 da Orde do 25 de febreiro de 2025, as entidades que desenvolverán os programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, serán entidades sen ánimo de lucro que cumpran as obrigas e requisitos esixidos na orde, e de xeito particular:

- a) Estar inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- b) Carecer de ánimo de lucro.
- c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.



d) Non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estaren incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.

e) Cumprir os requisitos e as condicións establecidos na normativa xeral de subvencións.

3.- PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN

A. Comunicación das resolucións dos programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia:

A Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero comunicará á Subdirección Xeral do Servizo Público de Emprego de Galicia da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, ás catro persoas que exercen a coordinación de violencia de xénero nos departamentos territoriais, así como ás Unidades Administrativas de Igualdade, aos CIM correspondentes, aos centros da Rede Galega de Acollemento e ao Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero e a calquera outro servizo público que traballe no eido da violencia de xénero, se é o caso, as concesións de programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, identificando cada unha das entidades que van levar a cabo eses programas e especificando o ámbito territorial no que se vai desenvolver cada un dos programas.

B. Coordinación do procedemento de selección:

A entidade beneficiaria poderá iniciar o procedemento de selección das mulleres demandantes de emprego a partir do momento de notificación da resolución de concesión.

Polo tanto, e unha vez ditada resolución favorable, dende a Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero indícaráselle a cada unha das entidades que van desenvolver os programas que deberán poñerse en contacto coa persoa coordinadora de violencia de xénero da correspondente provincia. Esta, de común acordo coa persoa directora-coordinadora das oficinas de emprego da súa provincia, asignará a persoa titora de referencia na oficina de emprego que lle corresponda, preferentemente segundo o seu ámbito territorial, para os efectos de coordinar o proceso de selección das mulleres participantes: requisitos da oferta, supervisión e incidencias, etc.

A persoa coordinadora de violencia de xénero da provincia e as directoras-coordinadoras das oficinas de emprego poderán, se as circunstancias o aconsellan, centralizar o procedemento de selección nunha soa ou en varias oficinas de emprego, no suposto de que o ámbito territorial afecte a varios municipios da mesma provincia.



No caso de entidades que vaian levar a cabo o programa en máis dunha provincia, o contacto realizarase coa persoa coordinadora de violencia de xénero da provincia na que radique a sede principal da entidade. Esta persoa coordinadora, de común acordo coa/s persoa/s directora/s-coordinadora/s da oficina de emprego das provincias afectadas, será quen lle asigne a persoa titora de referencia en cada oficina de emprego que lle corresponda, preferentemente segundo os ámbitos territoriais nos que vai desenvolver o programa, fixando ademais o número de persoas a seleccionar para o desenvolvemento en cada un dos ámbitos.

C. Selección das mulleres candidatas:

Unha vez que a entidade beneficiaria teña asignada oficina ou oficinas de emprego para realizar a selección, dirixirase á/s dita/s oficina/s, achegando, de xeito obrigatorio, unha copia do Anexo da resolución de concesión, no que se incluírán os seguintes datos:

a.- Número de mulleres participantes no programa: este número é o que determinará o número de candidatas a remitir inicialmente que será dunha por posto; de ser preciso, repetíranse tantas sondaxes e buscas como sexa necesario ata que os postos ofertados sexan cubertos.

Cómpre aclarar que o número de candidatas participantes por programa pode finalmente resultar inferior, de non ter candidatas suficientes ou, incluso, superior, para o caso de que existan candidatas suficientes e a petición da entidade beneficiaria.

b.- Ámbito territorial do programa (provincial ou pluriprovincial): segundo o dito ámbito determinarase o ámbito de busca das persoas beneficiarias do programa, que poderá ser local, comarcal, provincial ou pluriprovincial, e que se axustará de común acordo entre a entidade beneficiaria e a oficina de emprego correspondente, partindo sempre do ámbito territorial determinado no anexo da Resolución. Non obstante estes ámbitos son prioritarios, pero non excluíntes, polo que, no caso de que non existiran o número de candidatas requiridas para un determinado ámbito xeográfico, ben porque non se obteñan tras esgotar as sucesivas sondaxes ou ben porque as enviadas non manifesten interese, poderanse seleccionar participantes doutros ámbitos diferentes aos da resolución de concesión.

c.- Tipo de persoas participantes do programa: mulleres en situación de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

d.- Data de finalización do programa: 30 de novembro de 2025.

A solicitude, que será presentada coa suficiente antelación para a súa tramitación, poderá realizarse:

a.- A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR004A. Neste caso dirixirá a solicitude ao Departamento Territorial correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (Selección_Programa inserción laboral



violencia de xénero) e a oficina de destino, á que o departamento reenviará a documentación a través do Rexel.

b.- A través do correo electrónico.

De ter que achegarse de xeito presencial, recoméndase solicitar unha cita previa a través do seguinte enlace: <https://emprego.xunta.es/citaprevia/>.

O procedemento de selección **pactarase dende a entidade beneficiaria co titor/a de referencia e a persoa técnica de ofertas da correspondente oficina de emprego**, que realizará as actuacións que considere oportunas para concluír con éxito a selección indicada.

Poderase optar pola selección a través dunha oferta específica tipo V, a través da sondaxe ou busca parametrizada de demandantes, ou a través da vinculación nominal previa inscrición como demandante, no caso en que non a tivera.

No caso da vinculación nominal, a propia entidade beneficiaria pode propoñer directamente o seu listado de candidatas á oficina de emprego.

Para estes efectos, a entidade beneficiaria, de ser necesario, poderá contactar co Centro ou Centros de Información ás Mulleres, cos centros da Rede galega de Acollemento, co Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero ou calquera outro servizo público que traballe no eido da violencia de xénero, correspondentes ao ámbito territorial onde se van desenvolver o programas, para que dende os ditos centros se poidan propoñer candidatas.

O procedemento de vinculación nominal poderá realizarse simultaneamente coa petición de candidatas á oficina, é dicir, non será necesario finalizar unha selección enviada pola oficina para que a entidade propoña unha/s candidata/s para a vinculación nominal

Segundo o previsto no artigo 6 da Orde do 25 de febreiro de 2025, o colectivo a atender preferentemente e a súa forma de selección autorizada será o seguinte:

	COLECTIVO	FORMA DE SELECCIÓN	ACREDITACIÓN
	Mulleres coa condición de vítimas de violencia de xénero	Oferta especial tipo V/ busca parametrizada/sondaxe/ Vinculación nominal	Demanda de emprego (para os casos de non confidencialidade) /Titor/a específico da OE nos restantes.



D. Desenvolvemento e finalización da selección:

A oficina de emprego facilitará á entidade beneficiaria a relación de candidatas aos efectos de que esta realice a selección definitiva. No caso de mulleres que teñan establecida na súa demanda a confidencialidade de datos, será o/a titor/a desta quen facilitará a comunicación entre a entidade e a muller vítima de violencia de xénero para permitir realizar a selección correspondente.

Para unha maior efectividade na selección das participantes, a oficina de emprego procederá a bloquear ás candidatas que sexan remitidas para un programa (situación administrativa de suspensión con intermediación con causa 699), de xeito que non sexan remitidas como candidatas novamente para outro programa da mesma natureza, en tanto a primeira das entidades ás que se lle remitiron as candidatas non devolva á oficina de emprego a información correspondente ao resultado da selección. Tendo en conta o disposto nos parágrafos seguintes, **recoméndase como regra de xestión incluír como data fin de suspensión a correspondente a 60 días despois da data de inicio.**

Una vez recibida a relación de candidatas, a entidade beneficiaria contactará coas candidatas aos efectos de verificar o seu interese en participar no programa.

No prazo de dez días naturais dende a dita recepción, a entidade beneficiaria deberá remitir á oficina de emprego (por correo electrónico ou a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, mediante o procedemento PR004A), unha relación coas candidatas seleccionadas seguindo o modelo que figura como Anexo II a esta Instrución. Transcorrido ese prazo sen recibir comunicación por parte da entidade, a oficina de emprego levantará ás candidatas a situación administrativa de suspensión con intermediación con causa 699, de xeito que poidan ser seleccionadas novamente para outro programa, se é o caso.

No mesmo día, ou no prazo máximo de dous días naturais dende a súa remisión á oficina de emprego, a entidade deberá remitirlle á Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero (Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero) copia do dito Anexo II xuntando a xustificación da comunicación á oficina de emprego.

No caso de que algunha entidade non fixera a comunicación nos prazos indicados nos parágrafos anteriores, e a candidata/s fose seleccionada noutro programa, só se admitirá como participante na entidade que fixera a comunicación no prazo indicado.

O proceso repetirase no caso de que a entidade solicite novas candidatas para incorporar ao programa.

En todo caso, no prazo máximo de dous meses dende a data de suspensión, a oficina de emprego desbloqueará a todas as candidatas, tanto ás que non foran incorporadas ao programa como ás que si se incorporaran, de cara a non prexudicar o seu posible acceso a calquera outra medida de mellora da empregabilidade no marco das políticas activas de emprego.



Cada entidade debe realizar a selección do número mínimo de participantes do programa **no prazo máximo de dous meses a contar dende a notificación da resolución de concesión da subvención**. Só se admitirán seleccións posteriores no caso de que a dita selección non fose posible por causas suficientemente xustificadas pola oficina de emprego, da que se dará traslado inmediato á Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero, ou ben para a cobertura de posibles baixas do programa ou incremento de participantes sobre o mínimo establecido no anexo á resolución de concesión.

Ás mulleres finalmente incorporadas anotaráselles na súa demanda, polo tempo de duración do programa, o itinerario específico V900, identificativo deste programa de inserción laboral.

Neste senso, é responsabilidade da entidade beneficiaria:

a. Comunicar, no seu caso, á oficina de emprego responsable da selección as posibles baixas das mulleres participantes, tendo en conta que a colocación das mulleres participantes non é nunca motivo de baixa no programa. A comunicación **farase no prazo máximo de 5 días dende que se produzan**, seguindo o modelo que figura como Anexo III a esta Instrución, e remitirá tamén copia dese anexo á Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero (Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero).

Para o caso de que esta colocación remate antes da finalización do itinerario, a entidade beneficiaria recordarlle á muller que deberá darse novamente de alta como demandante de emprego e comunicarlle á oficina de emprego a súa pertenza a este programa.

b. Substituír, no seu caso, ás mulleres que causaron baixa por abandono no programa, de acordo co procedemento previsto neste punto.

Tanto durante a selección de candidatas como unha vez iniciadas as accións incluídas nos programas de inserción laboral, as entidades beneficiarias, os CIM, os centros da Rede Galega de Acollemento e/ou o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero, correspondentes ao ámbito territorial de que se trate, manterán un contacto e unha coordinación fluídas de cara a garantir e procurar un correcto desenvolvemento dos ditos programas e apoiar ás mulleres neles participantes.

4.- PROTECCIÓN DE DATOS

Todas as entidades deberán dar cumprimento á normativa de protección de datos persoais, en concreto ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento Xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.



As entidades serán responsables de informar de maneira fidedigna ás destinatarias finais do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos conforme ao especificado no artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, así como dos aspectos incluídos no parágrafo anterior, recabando o seu consentimento explícito ao efecto. Así mesmo, as entidades serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destes deberes.

Santiago de Compostela,
(asinado electronicamente)

A directora xeral de Formación e Cualificación
para o Emprego

Zeltia Lado Lago

O director xeral de Loita Contra a
Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro



ANEXO I

**MODELO COMÚN PARA A ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO,
ADOPTADO EN CUMPRIMENTO DO PREVISTO NO PARÁGRAFO TERCEIRO DO ARTIGO 23
DA LO 1/2004, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN INTEGRAL FRONTE Á
VIOLENCIA DE XÉNERO**

D./Dña.....en calidade de.....(1) do.....(2)

da Comunidade Autónoma/Cidade Autónoma de/Entidade local/Administración Xeral do
Estado

Organismo/Servizo/Recurso incluído para tal efecto no listado adoptado por Acordo da
Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o día 11 de novembro de 2021 e por iso, con
capacidade para acreditar situacións de violencia de xénero ao abeiro do previsto no artigo 23
da Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro de Medidas de Protección Integral fronte á
Violencia de Xénero,

ACREDITA

Que Dona..... con DNI/NIE..... **ostenta a condición de vítima de violencia
de xénero, aos efectos dos dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social
regulados no Capítulo II do Título II da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro de
medidas de protección integral fronte á violencia de xénero, e de conformidade co
artigo 23 de dita Lei.**

E para que así conste na súa presentación ante.....(3) para a solicitude de.....(4)
expídese esta acreditación, no lugar e datas indicados.

En..... a..... de.....

Sinatura e selo da entidade acreditante

(1) Cargo/posto que ostenta

*(2) Organismo, servizos sociais, servizos especializados, servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de
xénero da Administración Pública competente que acredite.*

(3) Organismo/dependencia ante a que se presenta a solicitude de dereito/prestación

(4) Dereito/prestación que se solicita.



ANEXO II**PROGRAMA DE DISEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS PERSONALIZADOS E
ACCIÓNES ESPECÍFICAS QUE FAVOREZAN A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MULLERES EN
SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO****COMUNICACIÓN RESULTADO SELECCIÓN CANDIDATAS**

ENTIDADE	NIF

Comunica a selección das candidatas que se relacionan:

OEX que realiza a sondaxe:

Número de oferta:

RELACIÓN DE CANDIDATAS SELECCIONADAS

Nº	NIF	APELIDOS	NOME	DATA DA SELECCIÓN
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				

Lugar e data

Nome e apelidos da persoa responsable da entidade.

Sinatura



ANEXO III

COMUNICACIÓN BAIXA USUARIAS

PROGRAMA DE DISEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS PERSONALIZADOS E
ACCIÓNES ESPECÍFICAS QUE FAVOREZAN A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MULLERES EN
SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

ENTIDADE	NIF

Comunica a **baixa** das usuarias que se relacionan

RELACIÓN DE USUARIAS QUE CAUSAN BAIXA

Nº	NIF	APELIDOS	NOME	DATA DA SELECCIÓN	DATA DA BAIXA
1.					
2.					
3.					
4.					
5.					

Lugar e data

Nome e apelidos da persoa responsable da entidade.

Sinatura

